

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN 3º PRIMARIA

PROXECTO COMPETENCIAL

Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	40	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación do caderno onde se amosan as distintas personaxes seleccionadas.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do caderno ou doutro material onde se recolla a información buscada (vídeos, webs...)
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto. (Formato libre). Cartolinas, posters, revistas...

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza,....

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota calcularase en función a unha rúbrica na que se avalían distintos aspectos tales como presentación da tarefa, orde, limpeza...

A nota de dita rúbrica representará a nota da avaliación parcial correspondente.

LINGUA E LITERATURA GALEGA.

Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	40	30	30	100
Proba escrita	17	18	34	22
Táboa de indicadores	83	82	66	78

Criterios de cualificación:

Realizarase a cualificación do noso alumnado tendo en conta os seguintes puntos:

-Realizaremos unha proba escrita en cada unha das Unidades Didácticas que traballaremos ao longo do curso, dándolle a porcentaxe recollida no apartado anterior. Dentro de cada unidade, cada proba escrita será elaborada e avaliada tendo en conta o peso orientativo asignado a cada criterio de avaliación.

-Mediante a observación directa e sistemática completaremos unha táboa de indicadores ou rúbrica coa que valoraremos os seus traballos, as exposicións destes, así como as interaccións orais e a actitude ante a materia e cos seus compañeiros/as. Esta táboa de indicadores terá o peso especificado en cada unidade.

Nesta táboa de indicadores, algúns serán recollidos marcando si/non como resposta ao mínimo a conseguir, e outros serán recollidos cunha escala do 1 ao 5 como posible resposta.

Así na unidade 1, o 60% da cualificación virá dada por unha proba escrita, e o 40% restante mediante unha táboa de indicadores. E do mesmo xeito no resto das unidades.

Criterios de recuperación:

Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a.

Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoptando as seguintes medidas:

-Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias, é a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado.

-Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión

-Partiremos do nivel de cada alumno/a.

-Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.

-Traballaremos as emocións con todo o grupo - clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora.

As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algunhas estudantes.

O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, pola mestra especialista en pedagogía terapéutica dentro da medida das súas posibilidades ou pola mestra ou mestre de apoio.

En todo caso intentarase:

-Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.

-Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.

-Partir dunha avaliación inicial dos alumnos en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido.

De modo xeral, propoñeranse actividades de reforzo en cada unidade para aqueles Criterios de Avaliación nos que non se acadou o mínimo esixible, a non ser que se trate dun Criterio de avaliación que se avlíe

tamén en unidades posteriores e se considere que co traballo das unidades seguintes é recuperable.

CIENCIAS SOCIAIS.

Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	40	30	100
Proba escrita	31	45	25	35
Táboa de indicadores	69	55	75	65

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos... Na derradeira UD de cada trimestre, un dos CA traballados será avaliado a través dunha proba escrita. 3º de EP será o primeiro curso onde levaremos a cabo este tipo de probas, polo que terán un carácter moi simple. Empregaremos actividades de completar enunciados ou de relacionar elementos, pero en non comezaremos a cualificar con preguntas abertas de resposta libre ata o vindeiro curso.

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas: 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6). 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa dereforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

MATEMÁTICAS.

Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	60	30	10	100
Proba escrita	42	19	16	32
Táboa de indicadores	58	81	84	68

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación da área de matemáticas de cada unha das avaliacións parciais e da avaliación final ordinaria son os que se indican nas táboas anteriores. Hai que ter en conta o indicado respecto das avaliacións parciais suspensas no apartado criterios de recuperación deste mesmo epígrafe.

A avaliación das competencias clave da avaliación final ordinaria farase tendo en conta as seguintes directrices:

- 1) Competencia en comunicación lingüística: os obxectivos de área 1 e 6 son fundamentalmente CCL

- 1) Competencia plurilingüe: o obxectivo de área 8 ten vinculacións coa CP no sentido de coñecer e respecta a diversidade lingüística e cultural presente no seu contorno, recoñecendo e comprendendo o seu valor como factor de diálogo, para mellorar a convivencia.
- 2) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería: os obxectivos de área 2, 3 e 5 son fundamentalmente STEM
- 3) Competencia dixital: o obxectivo de área 4 é fundamentalmente CD.
- 4) Competencia persoal, social e de aprender a aprender: o obxectivo de área 7.
- 5) Competencia cidadá: o obxectivo de área 8 ten importantes vinculacións coa CC vinculadas ao traballo en equipo, o respecto, a resolución pacífica de conflitos e a igualdade.
- 6) Competencia emprendedora: o obxectivo de área 8 ten importantes vinculacións coa CE vinculadas coa capacidade de liderado.
- 7) Competencia en conciencia e expresión culturais: o obxectivo de área: o obxectivo de área 5 é fundamentalmente CCEC

Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación se integrará na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas.

Asemade, se a valoración dos criterios de cualificación se basea en determinados instrumentos, a recuperación dos obxectivos de área non acadados será avaliado a través do mesmo tipo de instrumentos de avaliación usados na avaliación suspensa. No caso de alumnado con medidas de atención á diversidade, os instrumentos adaptaranse ás súas características.

Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado recupere, dado que se trata dunha avaliación progresiva nun currículo en espiral.

LINGUA E LITERATURA CASTELÁ.

Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	40	30	30	100
Proba escrita	49	15	26	32
Táboa de indicadores	51	85	74	68

Criterios de cualificación:

Realizarase a cualificación do noso alumnado tendo en conta os seguintes puntos:

-Realizaremos unha proba escrita en cada unha das Unidades Didácticas que traballaremos ao longo do curso, dándolle a porcentaxe recollida no apartado anterior. Dentro de cada unidade, cada proba escrita será elaborada e avaliada tendo en conta o peso orientativo asignado a cada criterio de avaliación.

- Mediante a observación directa e sistemática completaremos unha táboa de indicadores ou rúbrica coa que valoraremos os seus traballos, as exposicións destes, así como as interaccións orais e a actitude ante a materia e cos seus compañeiros/as. Esta táboa de indicadores terá o peso especificado en cada unidade.

Nesta táboa de indicadores, algúns serán recollidos marcando si/non como resposta ao mínimo a conseguir, e outros serán recollidos cunha escala do 1 ao 5 como posible resposta.

Así na unidade 1, o 60% da cualificación virá dada por unha proba escrita, e o 40% restante mediante unha táboa de indicadores. E do mesmo xeito no resto das unidades.

Criterios de recuperación:

Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de

cada alumno/a.

Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoptando as seguintes medidas:

- Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias, é a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado.
- Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión
- Partiremos do nivel de cada alumno/a.
- Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.
- Traballaremos as emocións con todo o grupo - clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora.

As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algunhas estudantes.

O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, pola mestra especialista en pedagogía terapéutica dentro da medida das súas posibilidades ou pola mestra ou mestre de apoio.

En todo caso intentarase:

- Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.
- Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.
- Partir dunha avaliación inicial dos alumnos en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido.

De modo xeral, propoñeranse actividades de reforzo en cada unidade para aqueles Criterios de Avaliación nos que non se acadou o mínimo esixible, a non ser que se trate dun Criterio de avaliación que se avlíe tamén en unidades posteriores e se considere que co traballo das unidades seguintes é recuperable.

MÚSICA.

- Mediante a observación directa e sistemática completaremos unha táboa de indicadores ou rúbrica coa que valoraremos os seus traballos, as exposicións destes, así como as interaccións orais e a actitude ante a materia e cos seus compañeiros/as. Esta táboa de indicadores terá o peso especificado en cada unidade.

Nesta táboa de indicadores, algúns serán recollidos marcando si/non como resposta ao mínimo a conseguir, e outros serán recollidos cunha escala do 1 ao 5 como posible resposta.

Así na unidade 1, o 60% da cualificación virá dada por unha proba escrita, e o 40% restante mediante unha táboa de indicadores. E do mesmo xeito no resto das unidades.

Criterios de recuperación:

Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a.

Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoptando as seguintes medidas:

- Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias, é a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado.
- Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión
- Partiremos do nivel de cada alumno/a.
- Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.
- Traballaremos as emocións con todo o grupo - clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora.

As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algunhas estudantes.

O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, pola mestra especialista en pedagogía terapéutica dentro da medida das súas posibilidades ou pola mestra ou

mestre de apoio.

En todo caso intentarase:

- Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.
- Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.
- Partir dunha avaliación inicial dos alumnos en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido.

De modo xeral, propoñeranse actividades de reforzo en cada unidade para aqueles Criterios de Avaliación nos que non se acadou o mínimo esixible, a non ser que se trate dun Criterio de avaliación que se avlía tamén en unidades posteriores e se considere que co traballo das unidades seguintes é recuperable.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN RELIXIÓN.

Os criterios de avaliación son o elemento curricular para orientar esta parte do proceso de ensino e aprendizaxe, entendendo a avaliación como oportunidade para formar a persoas capaces de desenvolverse en situacións reais de experiencia e comunicación, comprometidas no coidado das persoas e do planeta, que inician una aprendizaxe que se prolongará ao longo da vida; por iso é esencial identificar oportunidades de mellora permanente.

As técnicas e estratexias para a avaliación deberán ser diversas, accesibles e adecuadas á diversidade do alumnado. Recoméndanse ferramentas como as rúbricas para medir o nivel de logro do alumnado, listas de control, escalas de valoración ou cotexo, e os portfolios ou diarios de aprendizaxe, que constitúen soportes físicos e dixitais que favorecen a recollida e sistematización da información do proceso de aprendizaxe. Estas avaliacións poden realizarse a partir da observación do profesorado e entre iguais, da autorreflexión, a discusión reflexiva e da análise de produtos, de modo que tanto o profesorado como o alumnado poidan dialogar sobre o proceso de aprendizaxe, sendo o profesor ou profesora quen defina os indicadores da aprendizaxe.

Instrumentos de avaliación :

Avaliación inicial a principio do curso para averiguar o nivel de afianzamento dos contidos traballados en cursos

Criterios de cualificación:

Observación sistemática e incidental.

Probas orais, escritas e gráficas.

Análise das producións do alumnado (traballo diario, murais, cadernos e traballo autónomo.

Fichas de seguimento

Peso:40%

Observacións: Consecución de obxectivos e contidos establecidos na programación.

Instrumentos de avaliación:

Rexistros do profesorado

Control de criterios de avaliación

Peso:40%

Observacións: Interese/Esfuerzo/Evolución

Valoración do traballo diario.

Realización das actividades/exercicios e traballos.

Respostas orais

Tarefas.

Instrumentos de avaliación:

Observacións de condutas de cara ao traballo, evolución, en xogos, grupos de traballo, debates, saídas

Entrevista individual e grupal.

Conversacións e autoavaliacións.

Peso:20%

Traballo persoal.

Traballo en grupo

Conduta persoal.

Relacións interpersoais.

NATURAL SCIENCE.

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	17	17	16	16	100
Proba escrita	50	50	50	50	50	50	50
Táboa de indicadores	50	50	50	50	50	50	50

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado non pode axustarse a un só momento dado, senón que debe ser global e sistemática. O seu obxectivo non pode ser outro que valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e o grao de coñecementos adquiridos.

Ademais de global, tamén será continua e formativa. Ao longo do curso comprobarase o logro dos obxectivos propostos mediante os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, que neste terceiro curso de educación primaria combinan o desenvolvemento de probas escritas e o uso de táboas de indicadores para os diferentes criterios de avaliación das seis unidades didácticas que a compoñen.

As probas escritas estarán compostas por exercicios, fichas, pequenos traballos, resumos, actividades de vocabulario escrito e exames específicos sobre os contidos da materia. As táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Os instrumentos de avaliación terán a porcentaxe marcada

para cada criterio de avaliación en cada unidade.

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

UNIDADE 1: Probas escritas: 50%. Rúbricas: 40%. Lista de Cotexo: 10%.

UNIDADE 2: Probas escritas: 50%. Rúbricas: 40%. Lista de Cotexo: 10%.

UNIDADE 3: Probas escritas: 50%. Rúbricas: 40%. Lista de Cotexo: 10%.

UNIDADE 4: Probas escritas: 50%. Rúbricas: 30%. Lista de Cotexo: 10%. Escala de observación: 10%.

UNIDADE 5: Probas escritas: 50%. Rúbricas: 40%. Lista de Cotexo: 10%

UNIDADE 6: Probas escritas: 50%. Rúbricas: 40%. Lista de Cotexo: 5%. Escala de observación: 5%.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2) / 2

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD3 + NOTA UD4) / 2

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6) / 2

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Nota 1ª avaliación x 0.4 + nota 2ª avaliación x 0.3 + nota 3ª avaliación x 0.3

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Criterios de recuperación:

Cando un alumno/a non alcance o nivel suficiente na área, e obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre, deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación:

- Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.
- Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores, daranse por recuperados se o alumno/a obtén calificación positiva neles. En todo caso, planificaranse actividades individuais de traballo.
- Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica, planificaranse actividades individuais de traballo nas que o alumno demostre que supera ditos contidos.

Para obter unha calificación positiva teranse en conta:

- O nivel de coñecementos.
- O esforzo e a realización das actividades individuais de traballo propostas.
- O grao de desenvolvemento xeral das competencias.

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL.

Procedementos e instrumentos de Avalº Educación plástica e visual.
LOMLOE

curso	Instrumentos avaliación	pesos	Observacións
3º Primaria	Taboas de Indicadores <ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática e incidental • Aplicación dos contidos adquiridos ás producións propias • Análise das producións do alumno (traballo diario, murais, cadernos traballo...) • Fichas de seguimento. • Cadernos/libros de aula. 	80%.	É importante que se cumbran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, materiais, Valorarase a limpeza e a implicación nas actividades
	<ul style="list-style-type: none"> • Observacións de condutas en traballos individuais e colectivos • Respecto ao traballo propio e alleo • Responsabilidade ante o material da materia. • Conducta. • Actitude positiva ante a materia, atención e esforzo na realización do traballo diario, tãntona aula como na casa. 	20%.	Valorarase a limpeza e a implicación nas actividades

Cando a calificación obtida fora un resultado con decimais aplicarase o seguinte.

- se o decimal é superior a 5 redondearase para o inmediato superior.
- Se o decimal é inferior a 5 redondearase para o inmediato inferior.

EDUCACIÓN FÍSICA.

Curso	Instrumentos de avaliación	Peso (%)	Observacións
3º,4º,5º,6º PRIMARIA	-Avaliación inicial a principio do curso para averiguar o nivel de afianzamento dos contidos traballados nos cursos previos. -Uniformidade obrigatoria.	-10%	-Rexistros do profesor. -Fichas de control e seguimento. -Observación sistemática.
	-Análise das producións do alumnado -Traballo diario y traballo autónomo. -Control de estándares de aprendizaxe. -Conducta de cara o traballo e a súa evolución nos xogos e nos grupos de traballo. -Conducta personal, interese, esforzo, relacións interpersonais axeitadas. -Realización das actividades propostas	-90%	-Rexistros do profesor. -Fichas de control e seguimento -Observación sistemática
	No caso de non superar unha avaliación recuperaríase aprobando a seguinte.		

LINGUA INGLESA.

Criterios de Cualificación 3º E.P.

Dado o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira a adquisición da mesma é progresivo polo que ao inicio do curso o alumnado terá menor fluidez, menos bagaxe de léxico e menor seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de auto aprendizaxe. Alén disto, temos que ter en consideración tamén o nivel de competencia do alumnado na súa lingua materna, xa que, na maior parte dos casos, este factor condicionará tamén a súa competencia en lingua estranxeira e/ou as expectativas que se poidan ter sobre o nivel de consecución de obxectivos nesta área.

En consecuencia, a avaliación da aprendizaxe do alumnado non pode axustarse a un só momento dado, senón que debe ser global e sistemática. O seu obxectivo non pode ser outro que o valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e no grao de coñecementos adquiridos.

Teremos todo isto en conta á hora de valorar as evidencias que recollamos e decidir a cualificación para cada alumno/a .

Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores que imos utilizando en cada UD, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior avaliación.

Para construír a cualificación final analizaremos todos os CA do nivel; prestaremos atención especial e valoraremos, principalmente, a evolución experimentada por cada neno e nena dende o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias nese remate do curso.

- >Proba de avaliación inicial o principio decurso.
- >Proba de avaliación correspondente a cadaunidade.
- >Seguimento da avaliación continua doalumno mediante rúbricas e outros instrumentos coma probas escritas ou redaccións.
- >Observación do traballo do alumno e análise das súas producións (portfolio, traballo diario, evolución, caderno...)
- >Observación do comportamento, esforzo, actitude cara a materiae atención mediante un rexistrodeseguimento (rúbrica).

Corresponderán distintos porcentaxes a cada un destes apartados.

>Consecución de obxectivos e contidos establecidos na programación: 50% (Instrumentos escritos)

-Avaliación inicial a principio do curso para averiguar o nivel de afianzamento dos contidos traballados en cursos previos.

-Observación sistemática e incidental.

-Probas orais, escritas e gráficas.

-Análise das producións do alumnado (portfolio)

-Fichas de seguimento.

>Interese/Esfuerzo/Evolución/Traballo diario: 30 % (Rúbricas)

-Rexistros do profesorado

-Cadernos/libros de aula

-Control de descritores operativos

>Traballo persoal/Grupal/Cooperativo e Conducta: 20% (Rúbricas)

-Observacións de condutas de cara o traballo, evolución, en xogos, grupos de traballo, debates, saídas...

-Hábito de traballo adecuado á idade.

- Conversacións e autoavaliacións.
- Traballo en grupo
- Conduta persoal e respecto de normas de convivencia.

Criterios de recuperación.

Dada a característica progresiva da materia, considerarase recuperados aspectos non superados no seu momento traballando na clase e na casa cas tarefas que se lle asignen, participando activamente nas actividades e demostrando a súa evolución e progreso, sempre e cando manteña una actitude de traballo, esforzo e de interese pola materia de lingua inglesa no presente curso sacando, coma mínimo, unha cualificación de Aprobado (5) na avaliación ordinaria do curso.

Poderase adaptar as probas escritas e o tempo de aplicación das mesmas, de ser necesario, para o alumnado que o precise sen que supoña unha desvantaxe para a súa avaliación, polo que poderá ser avaliado por mínimos nas probas escritas e superar igualmente a materia.

